



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA SEIS DE FEBREIRO DE 2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA
D. JESUS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

INTERVENTORA:

D^a. ROSA ABELLEIRA FERNÁNDEZ

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 30 de xaneiro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan a súa asistencia os concelleiros D. Jesus Antonio Fernández Cal e D^a. María Isabel Rodríguez López.

Á hora sinalada para este acto pola Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 30-01-17.

Non existindo ningunha obxección ó respecto procédese á aprobación da acta da sesión celebrada o día 30 de xaneiro de 2017.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

EXPTE. 1122/2016. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada polo GABINETE TECNICO DE GESTION, S.L., para a REHABILITACION E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL existente no lugar de A Xota, parroquia de Vieiro, polígono 30, parcela 602, desta localidade, con referencia catastral 27067A030006020001MD.

Visto que, segundo consta nos antecedentes referidos no informe xurídico obrante no expediente:

- Coa solicitude achegou a seguinte documentación:
 - Xustificante do aboamento dos tributos municipais;
 - Proxecto básico redactado polo arquitecto, D. Fernando Gutierrez Sanz-Gadea.
- En cumprimento do requirimento de subsanación de documentación, o interesado achegou, o 29 de setembro de 2016, os seguintes documentos: Plano de situación identificando a parcela sobre cartografía do planeamento en vigor, xustificación do cumprimento da normativa de habitabilidade de vivendas e do DBSI do CTE, e anexo do Plan de xestión dos residuos de construción e demolición.
- O 20 de decembro de 2016 requiríuselle a constitución dunha fianza de 1.800 euros, en garantía das actuacións urbanísticas pendentes de executar (acometidas á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento), garantía que foi constituída o 5 de xaneiro de 2017, segundo os datos facilitados pola Tesourería do Concello.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal.

No informe técnico sinalase que a clasificación do solo segundo a QUP é solo rústico especialmente protexido. Ordenanza de aplicación 9. A edificación existente atópase en A Xota, Viveiro, polígono 30, parcela 602, referencia catastral 27067A030006020000XS, cunha superficie catastral de 2.761,00 m² e superficie segundo proxecto de 3.256,62 m². A referencia catastral da vivenda é 27067A030006020001MD. Preséntase un proxecto de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar existente. As modificacións propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais integradas no conxunto. Auméntase o volume existente. Segundo a solicitude presentada trátase de obras de rehabilitación con ampliación de edificación existente de carácter tradicional. Dáse cumprimento ao disposto na lei 2/2016 do Solo de Galicia no artigo 40 referido a edificacións existentes de carácter tradicional en solo rústico. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria. Consta no informe técnico o cumprimento da normativa urbanística, segundo o seguinte:

	PROXECTO	NORMATIVA
Altura de cornisa	5,02 m	7,00 m
Volume existente	403,75 m ³	ampliación < 50%

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

Volume ampliado	201,17 m ³	< 50%
Recuamentos ampliación	5,00 m	5,00 m

Conta no seu fronte cos servizos urbanísticos de traída comunitaria de auga potable, servizo de alcantarillado e enerxía eléctrica.

Respecto ás afeccións sinálase no informe técnico o seguinte:

- A parcela se atopa dentro do ámbito de afección do Plan de Ordenación do Litoral, [POL]
- Usos e actividades sinálase: Outros usos e actividades: 3C, Obras de rehabilitación, renovación e reforma de edificacións existentes de carácter tradicional.
- Áreas:

Continuas: Mellora Ambiental e Paisaxística, uso compatible
Presenta informe favorábel da Consellería de Medio Ambiente, territorio e Infraestructuras, Instituto de Estudos do Territorio, [IET] con data de 30 de novembro de 2016.

Segundo o arquitecto, D. Fernando Gutiérrez Sanz-Gadea o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicable. No mencionado informe técnico sinalase que os servizos urbanísticos pendentes a realizar consisten nas acometidas á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento. Valóranse as actuacións a realizar en 1.800,00 €. Deberase de constituír unha garantía mínima pola cantidade de 1.800,00€, equivalente ao 100% das actuacións urbanísticas pendentes de executar.

O técnico de urbanismo establece unha fianza de 1.500,00 € en concepto de garantía para reparación de posíbeis danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra a) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

A normativa aludida nos citados preceptos é a Lei de Ordenación da Edificación que exige a redacción de proxecto para as intervencións sobre edificios existentes sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica, entendendo como tales (...) as que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, volumetría ou o conxunto do sistema estrutural.

O artigo 6.3 do Código Técnico da Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo dispón que, para os efectos da súa tramitación administrativa, o contido do proxecto básico será suficiente para solicitar a licenza municipal de obras, concesións ou outras autorizacións administrativas, pero insuficiente para iniciar a construción do edificio, para o que se precisa o proxecto de execución.

As obras propostas, de rehabilitación e ampliación de edificación tradicional para o seu destino a vivenda unifamiliar, han de ser tramitadas polo procedemento de licenza.

-De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Igual previsión normativa se regula, para os ambitos do solo rústico especialmente protexido, no artigo 36.2 LSG. No expediente consta o informe favorable da directora do Instituto de Estudos do Territorio, toda vez que a parcela sitúase en área continua de mellora ambiental e

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

paisaxística, no esteiro do Landro, precisando do informe do mencionado organismo, conforme aos artigos 50 e 51 da normativa do POL (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro).

- O informe do arquitecto municipal constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico. O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (OUP). No ámbito do solo rústico especialmente protexido, o punto 9.2 da OUP remítese en canto ás condicións de uso e edificación, ás establecidas nos artigos 31 a 44 da LOUGA, condicións que deben entenderse substituídas -tras a entrada en vigor da LSG- polas reguladas nos artigos 35 a 40 da Lei 2/2016.

O artigo 40 da LSG posibilita nas edificacións tradicionais existentes (as anteriores ao 25 de maio de 1975), en calquera categoría de solo rústico, o uso residencial, así como a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50% do volume orixinario da edificación tradicional, sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura. A ampliación proposta non excede do 50% do volume orixinario, tal e como se xustifica no proxecto técnico e se verifica no informe do arquitecto municipal.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a GABINETE TECNICO DE GESTION, S.L., licenza urbanística para a REHABILITACION E AMPLIACIÓN DE EDIFICACIÓN TRADICIONAL existente no lugar de A Xota, parroquia de Vieiro, polígono 30, parcela 602, desta localidade, con referencia catastral 27067A030006020001MD, de acordo coa documentación técnica que consta no expediente, redactada polo arquitecto, D. Fernando Gutiérrez Sanz-Gadea, e de acordo coas seguintes determinacións:

1. A mercantil promotora deberá constituir na Tesourería municipal unha fianza de 1.500,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de rehabilitación e ampliación. Tamén se deberá constituir unha garantía pola cantidade de 1.800,00€ equivalente ao 100% das actuacións urbanísticas pendentes de executar á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento.

2. Antes da iniciación das obras, o promotor deberá achegar o proxecto de execución e oficio de dirección. O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

Concello de Viveiro

3. O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

4. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

5. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero do expediente.

Segundo.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza de 1.500 euros e da garantía de 1.800 euros.

EXPTE. 3785/2016. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. MARIA INMACULADA VERA LOSADA, para executar obras de acondicionamento de local en rúa Teodoro de Quiros, n.º 2, Viveiro, para desenvolvemento da actividade de elaboracion e venta de comida, no inmovible urbano de referencia catastral 3354506PJ1335S0002PP.

Segundo consta nos antecedentes referidos no informe xurídico, coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto técnico asinado pola enxeñeira técnica industrial Ana Maria Cruz Carro, visado polo COITI en data 4 de xullo de 2016, co número 1469/16-CO.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Xunto coa anterior documentación, a promotora das obras achegou a seguinte documentación, relativa á actividade de elaboración e venta de comida para levar:

- Memoria da actividade (incorporada no punto 1.9 do proxecto técnico)

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

antedito, descritiva da maquinaria a instalar e medidas correctoras.

- Xustificante do pagamento dos tributos municipais preceptivos.
- Declaración do titular da actividade de que se cumpren todos os requisitos para o exercicio da actividade e de que os locais e as instalacións reúnen as condicións de seguridade, salubrida e as demais previstas no planeamento urbanístico.

- En data 26 de setembro de 2016 tivo entrada no rexistro deste concello un escrito da delegación territorial de Lugo da xefatura do servizo de Patrimonio Cultural comunicando que, tras a entrada en vigor da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, as obras promovidas por dona MARIA INMACULADA VERA LOSADA, , non requiren autorización da Consellería de Cultura, educación e Ordenación Universitaria.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación do casco histórico, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. O local comercial donde se pretende realizar as obras está situada no nº 2-baixo, da rúa Teodoro de Quirós, no Casco Histórico de Viveiro. Non necesita informe sectorial de Patrimonio debido a entrada en vigor da Lei 5/2016 de 4 de maio, no que se reduce o contorno de protección dos BIC en solo urbano dos 100 metros ós 50 metros. As obras a realizar son acondicionamento de local consistente en: substitución de falsos teitos, colocación de pavimento a base de tarima sintética de madeira, pintado de paramentos horizontais e verticais, instalación de electricidade, saneamento, fontanería, ventilación e climatización, extracción de fumes, protección contra incendios. Segundo a solicitude presentada o proxecto presentado asinado pola técnica, D^a. Ana M^a Cruz Carro, a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística e coa normativa técnica aplicable. Establécese a condición de que se deberá pintar a fachada do local comercial de cor branco, debido a que os aplacados de pedra non están permitidos no Casco Histórico.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra a) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

A normativa aludida nos citados preceptos é a Lei de Ordenación da Edificación que exige a redacción de proxecto para as obras que teñan o carácter de intervención en edificacións catalogadas ou que dispoñan de algún tipo de protección regulada a través de norma legal ou documento urbanístico.

O inmovible no que se pretende intervir atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Non resultan precisas autorizacións e/ou informes sectoriais, segundo se deduce do informe dos servizos técnicos que consta no expediente e a comunicación da xefa do servizo de Patrimonio Cultural, do 22 de setembro de 2016 mencionada no punto 2 de antecedentes do presente informe.

- O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico. O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (OUP).

No ámbito territorial do PEPRI da zona antiga de Viveiro permítese o uso comercial.

- De conformidade co disposto no artigo 144 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consígnase expresamente esta circunstancia. E o artigo 24.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia dispón que, se para o desenvolvemento da actividade se precisa a realización dunha obra, a documentación descrita no apartado 1 presentárase coa comunicación previa prevista na normativa urbanística ou coa solicitude de licenza de obra, se proceder, e logo de rematar a obra, presentárase comunicación previa para o inicio da actividade.

Consta no expediente a documentación relativa á actividade de elaboración e venda de comida para levar, que resulta necesaria para a tramitación deste expediente, descrita no punto 1 dos antecedentes, cuxo contido se adecúa ao disposto no artigo 11 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (en diante, RIAE), non resultando exixibles máis documentos que os achegados.

Conclúese o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^ª. MARIA INMACULADA VERA LOSADA, licenza municipal para executar obras de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL EN RUA TEODORO DE QUIROS, N.º 2, VIVEIRO, PARA DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE DE ELABORACION E VENTA DE COMIDA, no inmovible urbano de referencia catastral 3354506PJ1335S0002PP, de acordo co proxecto técnico asinado pola enxeñeira técnica industrial, D^ª. Ana María Cruz Carro, visado polo COITI en data 4 de xullo de 2016, co número 1469/16-CO.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberá solicitarse a perceptiva licenza así como para a instalación de andamiaxe.
- Deberá pintarse a fachada do local comercial de cor branca, debido a que os aplacados de pedra non están permitidos no Casco Histórico.
- Prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

- O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal.
- Unha vez rematadas as obras, deberá achegar a comunicación previa de inicio da actividade. Unha copia selada da comunicación previa deberá expoñerse nun lugar visible e de fácil acceso do establecemento, e deberá ser exhibida cando llo requira unha inspección administrativa ou calquera persoa para a cal se realice a actividade.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 140/2017. LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Carmen María Fernández García

para executar obras de pintado interior de local, substitución de pavimento de baldosa, colocación de pladur en escaparates en inmobile sito no nº 1-baixo da Praza de Juan Donapetry, deste municipio, de referencias catastrais 3555801PJ1335N0026UB (local A, en planta baixa) e 3555801PJ1335N0021WG (local A en entreplanta).

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola aparelladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A edificación donde se pretenden realizar as obras está situada no nº1-baixo da Praza de Juan Donapetry,

Concello de Viveiro



Concello de Viveiro

no Casco Histórico de Viveiro. Non se necesita informe sectorial de Patrimonio debido a que as obras a realizar non afectan á fachada. Sinálase que, segundo a solicitude de licenza de obras, as obras a acometer no local comercial son as seguintes:

- Pintado interior de local, substitución de pavimento de baldosa, colocación de pladur en escaparates.

Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística aplicable e coa normativa técnica aplicable. Establécese a condición de que non se realizará ningunha obra na fachada do local sen solicitude previa debido a que está na área de protección dos 50 mts da Igrexa- Convento de San Francisco.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Os artigos 142.2, b) LSG e e 351.1, letra b) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.

O inmovible de referencia atópase incluído no catálogo inventario do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI), polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

- De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente. Conforme se indica no informe dos servizos técnicos municipais, no presente caso non se necesita informe sectorial de Patrimonio debido a que as obras a realizar non afectan á fachada; do mesmo xeito infórmase que as actuacións propostas son conformes coa legalidade urbanística.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguíu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. CARMEN MARIA FERNANDEZ GARCIA, licenza municipal para executar obras de pintado interior de local, substitución de pavimento de baldosa e colocación de pladur en escaparates, no inmovible sito no nº 1- baixo da Praza de Juan Donapetry,, deste municipio, de referencias catastrais 3555801PJ1335N0026UB (local A, en planta baixa) e 3555801PJ1335N0021WG (local A en entreplanta).

Segundo.- As condicións ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaxe.

- Non se realizará ningunha obra na fachada do local sen solicitude previa

Concello de Viveiro

Concello de Viveiro

debido a que está na área de protección dos 50 mts da Igrexa- Convento de San Francisco.

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

-O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

- A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal.

Terceiro.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

EXPTE. 7/2017.- MODIFICACIÓN E CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA URB/27/2007.

Vista a solicitude de José, Carla e Raquel FERNANDEZ VIZOSO, de modificación da licenza tramitada co número de expediente URB/27/2007 e o cambio de titularidade ao seu favor.

Visto que, segundo se desprende do informe xurídico, constan no expediente os seguintes antecedentes:

1. A Xunta de Goberno Local concedeu licenza a REGANAL, S.L. en data 1 de agosto de 2007, para executar obras de reforma interior dos edificios sitos na rúa Constanza de Castro, números 12-14, en Viveiro, con destino a 9 vivendas, local libre e trasteiros, de acordo co proxecto redactado polos arquitectos, D. José Fco. Diaz Moscoso e D. Miguel Fernández Catá.
2. Os interesados antes citados solicitaron, o 22 de decembro de 2016, o cambio de titularidade a autorización municipal para modificar a licenza concedida, nos termos descritos no documento técnico que achegan, consistente nun reformado de proxecto básico e de execución de reforma de edificación para tres vivendas e locais, asinado polo arquitecto, D. Francisco J. Hermida Trastoy e visado polo COAG en data 9 de decembro de 2016 co número 1607478,2.

Concello de Viveiro

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

Visto que, no citado informe, constan os seguintes antecedentes:

- Con data 1 de agosto de 2007 foi aprobada pola XGL a licenza de obra para a reforma interior de 2 edificios (B+2+BC) para local libre, trasteiros, portal e 9 vivendas redactado polos arquitectos José Francisco Díaz Moscoso e Miguel Fernández Catá.

- Con data 22 de decembro de 2016, solicitase modificado de licencia de obra en vigor para adaptar a edificación a un novo programa de necesidades, modificando o numero de vivendas.

No informe técnico sinálase que a clasificación do solo é urbano consolidado. A edificación donde se pretenden realizar as obras está situada no nº 12-14 da rúa Constanza de Castro, no Casco Histórico de Viveiro. As obras a realizar son as descritas no novo proxecto presentado asinado polo arquitecto, D. Francisco Hermida Trastoy. Ditas obras consisten en reducir o número de vivendas de 9 a tres, así como modificacións en fachada. Segundo o proxecto modificado presentado, a obra que se pretende executar cumpre coa normativa urbanística e segundo o técnico redactor do proxecto, as obras a realizar cumpren coa normativa técnica aplicable. Respecto o orzamento, o mencionado informe, fai constar que o orzamento de execución material segundo o orzamento presentado coa solicitude de licencia de obra ascende á cantidade de 196.243,17€ e que no proxecto modificado presentado o orzamento de execución material ascende a 347.134,63 €, polo que se deberá facer unha liquidación complementaria pola totalidade desta cuantía. Sinálase que en referencia as excepcións solicitadas sobre o aptdo. 1.B.3 do Decreto 29/2010 sobre Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia, enténdense xustificadas por atoparse a edificación nun entorno protexido. Establécese a condición de que se reproducirán a composición dos ocos da planta primeira da fachada da rúa Constanza de Castro, nos ocos da planta baixa da mesma rúa. As cores de pintura de fachada serán supervisadas pola Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.

Visto o informe xurídico favorable emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo.

No informe xurídico referido sinálase o seguinte:

- Constitúe un dos obxectos da solicitude o remate de obras de reforma dun inmovible iniciadas ao amparo dunha licenza concedida no ano 2007 para 9 vivendas, local e trasteiros, que se atopan sen rematar. Segundo a memoria descritiva do proxecto técnico, na actualidade a edificación só ten rematados os seguintes elementos: a estrutura da edificación, a cuberta, parte das fachadas e -respecto das instalacións previstas- un ascensor que da servizo a todas as plantas.

En canto ás modificacións que se pretenden introducir respecto das obras autorizadas pola licenza orixinaria, consisten -de xeito resumido- na execución dunha soa vivenda por planta, reducíndose polo tanto de 9 a 3; eliminación do patio interior; modificación da planta baixa dispoñéndose a entrada ao portal pola fachada posterior deixando a frontal para local comercial; modificación dos balcons da primeira planta para que harmonicen coas galerías da segunda planta; apertura dun novo oco de iluminación e ventilación na cuberta; engadir nas fachadas as reformas propias da nova distribución; modificación da distribución interior e das instalacións e acabados.

A licenza concedida orixinariamente establecía os prazos de inicio e remate das obras en seis meses e tres anos, respectivamente, contados dende a data do seu outorgamento. O prazo de remate foi amplamente rebasado no suposto que se está a informar. O réxime aplicable na vixente Lei do solo de Galicia (Lei 2/2016, do 16 de febreiro, LSG) é o establecido no artigo

Concello de Viveiro

145, no que se regula a caducidade das licenzas; dito precepto establece que a caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado. Non consta que esta administración municipal tivese iniciado o procedemento para declarar a caducidade da licenza concedida, polo que a licenza outorgada o 1 de agosto de 2007 segue sendo plenamente eficaz. Así se pronuncia “a contrario sensu” o apartado 6 do artigo 359 do Regulamento da LSG cando dí que a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza e, tras a súa notificación ao interesado, non se poderán iniciar nin proseguir as obras se non se solicita e obtén unha nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor.

Respecto da solicitude de modificación da licenza, nin a actual LSG nin o Regulamento daquela fai referencia expresa a tal extremo; resulta por tanto de aplicación o establecido no artigo 16 da Ordenanza municipal de tramitación de licenzas urbanísticas (BOP de Lugo n.º 88, de 18 abril de 2007), cuías previsións non resultan afectadas pola disposición derogatoria única da LSG, ao non se opoñer ao disposto nela.

De conformidade co disposto nos apartados 2 e 4 do artigo 16 da Ordenanza municipal, as alteracións que pretenden introducirse durante a execución das obras autorizadas precisan de aprobación municipal por canto afectan ao número de vivendas, entre outros aspectos; a autorización que se conceda limitarase a recoller o contido da modificación, facendo referencia á licenza que se modifica

Segundo o informe dos servizos técnicos municipais ao expediente, as modificacións propostas descritas no proxecto técnico achegado cumpren coa normativa urbanística. Tales obras descríbeseas a aparelladora asinante como “ ... consisten en reducir o número de vivendas de 9 a tres, así como modificacións en fachada”.

No expediente orixinario consta un informe de fecha 8 de xuño de 2007, do delegado provincial da Consellería de Cultura, sobre a rehabilitación das fachadas deste inmovible, no que se dí que a proposta enviada (*en referencia ao Plano modificado de fachadas A-5 asinado polos arquitectos José Francisco Díaz Moscoso e Miguel Fernández Catá en decembro de 2006*) mellora a composición das fachadas existentes aínda que debería resolverse a diferenciación nas liñas de cornixa para que poida manterse o carácter independente dos dous edificios. A proposta requirirá a modificación puntual do P.E.P.R.I.”

Nada se dí expresamente no informe dos servizos técnicos sobre a adecuación das modificacións en fachada contidas no novo documento técnico á resolución do órgano competente en materia de protección do patrimonio; en consecuencia a que subscribe, tendo en conta o carácter favorable do informe aludido, entende que as modificacións en fachada propostas resultan adecuadas ás ordenanzas de aplicación no casco antigo de Viveiro.

- En relación coa solicitude de cambio de titularidade da licenza urbanística outorgada a RENAGAL S.L., o artigo 13 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955, establece que as licenzas relativas ás condicións dunha obra son transmisibles. A transmisión da licenza non modifica a situación xurídica do titular, quedando o adquirente subrogado no lugar e posto do transmitente nos seus dereitos e deberes urbanísticos. En tal sentido, os novos titulares da licenza quedan suxeitos a todas as condicións ás que se subordinou a licenza outorgada o 1 de agosto de 2007 a RENAGAL, S.L.

De acordo coa norma citada, infórmase favorablemente o cambio de titularidade da licenza outorgada o 1 de agosto de 2007 (expediente URB/27/2007), e da que no sucesivo constarán como titulares don Jose, dona Carla e dona Raquel FERNANDEZ VIZOSO

- En relación coa documentación que ha de constar no expediente, infórmase que a modificación desta licenza urbanística, en tanto implica unha modificación no número de vivendas, conleva a necesidade de redactar e tramitar o proxecto de infraestrutura común de telecomunicacións adaptado á nova situación.

Concello de Viveiro

Deberase presentar no rexistro xeral do Concello, para a súa incorporación ao expediente, oficio de dirección de execución material das obras e coordinador de seguridade e saúde. No expediente xa consta oficio de dirección de obra de reforma da edificación a favor do arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy.

Conclúe o informe xurídico sinalando que visto canto antecede, este servizo informa favorablemente as solicitudes de cambio de titularidade e a modificación da licenza outorgada o 1 de agosto de 2007, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Tomar razón do cambio de titularidade da licenza outorgada a RENAGAL, S.L. o 1 de agosto de 2007 para obras de reforma interior dos edificios sitos na rúa Constanza de Castro, números 12-14, en Viveiro, con destino a 9 vivendas, local libre e trasteiros, a favor dos novos titulares don Jose, dona Carla e dona Raquel FERNANDEZ VIZOSO.

Segundo.- Autorizar a D. José, D^a Carla e D^a Raquel FERNANDEZ VIZOSO a introducción - nas obras amparadas pola licenza concedida o 1 de agosto de 2007 (expediente URB/27/2007)- das seguintes modificacións, de acordo co proxecto básico e de execución de "*reforma de edificación para tres vivendas e locais*", asinado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy visado polo COAG en data 9 de decembro de 2016 co número 1607478,2:

- Execución dunha soa vivenda por planta, reducíndose polo tanto de nove a tres.
- Eliminación do patio interior.
- Modificación da planta baixa dispoñéndose a entrada ao portal pola fachada posterior deixando a frontal para local comercial.
- Modificación dos balcons da primeira planta para que harmonicen coas galerías da segunda planta.
- Apertura dun novo oco de iluminación e ventilación na cuberta.
- Engadir nas fachadas as reformas propias da nova distribución.
- Modificación da distribución interior e das instalacións e acabados.

Terceiro.- As condicións ás que se suxeita a autorización para modificar a licenza orixinaria son as seguintes:

1

- A autorización municipal para a modificación da licenza concedida a RENAGAL, S.L. en data 1 de agosto de 2007, entenderase outorgada sen prexuízo doutras obrigas que

Concello de Viveiro

poidan corresponder aos promotores como consecuencia de normas sectoriais que lles resulten de aplicación.

- Os novos titulares da licenza modificada quedan suxeitos a todas as condicións ás que se subordinou a licenza outorgada o 1 de agosto de 2007 a RENAGAL, S.L., en canto lles resulten de aplicación.
- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, deberase solicitar e obter a preceptiva autorización do concello.
- Reproducirase a composición dos ocos da planta primeira da fachada da rúa Constanza de Castro nos ocos da planta baixa con fachada á mesma rúa.
- As cores de pintura de fachada serán supervisadas pola Oficina de rehabilitación do casco antigo de Viveiro.
- O prazo de reinicio das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento desta autorización. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses. Previamente, deberán incorporarse ao expediente o oficio de dirección de execución material das obras e de coordinación en materia de seguridade e saúde.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal e da súa modificación, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Cuarto.- Autorizar a excepcionalidade sobre o aptdo. 1.B.3 do Decreto 29/2010 sobre Normas de Habitabilidade de vivendas en Galicia por atoparse a edificación nun entorno protexido.

Quinto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Sexto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal para os efectos de

Concello de Viveiro

practicar unha liquidación complementaria de acordo co informe dos servizos técnicos municipais (punto 3.6 “orçamento”) segundo o cal no proxecto modificado o orzamento de execución material ascende a 347.134,63 euros, debendo practicar a liquidación complementaria pola totalidade deste orzamento.

3.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

EXPTE. 633/2017.-

Visto o escrito de D^ª. Sofia Díaz Mosquera, con domicilio en Lodeiro, nº 8-2ºD, en Viveiro, no que solicita a expedición da licenza municipal pola tenencia dun can, identificado co microchip 977200007195232, catalogado de raza perigosa, así como a súa inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

Vista a documentación presentada polo interesado, e resultando acreditada a raza do can, segundo a definición do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Constatado no expediente a presentación da documentación referida no artigo 3 do Decreto autonómico 90/2002, de 28 de febreiro, e no artigo 3 do Real Decreto estatal 287/2002, de 22 de marzo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro .- Conceder a D^ª. Sofia Díaz Mosquera, a licenza municipal pola tenencia dun can, catalogado de raza perigosa, polo período de cinco anos.

Segundo.- Inscibir no Libro rexistro de animais potencialmente perigosos o can de raza perigosa, identificado co microchip 977200007195232. Inscibir esta licenza no referido rexistro municipal para o animal referenciado.

Terceiro.- Advertir á titular da licenza que debe comunicar ao Concello calquera variación dos datos que serviron para a obtención da presente licenza, no prazo de quince días dende que se produza.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Secretaría, ao obxecto da expedición da correspondente licenza municipal, ficha identificativa individual e inscrición no rexistro de A.P.P, así como á Policía Local para o seu coñecemento, e dar traslado dos datos do rexistro municipal correspondentes á presente licenza ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos.

EXPTE. 637/2017.-

Visto o escrito de D^ª. María Esclavitud Mosquera Pazos, con domicilio en



Concello de Viveiro

Lodeiro, nº 8-2ºD, en Viveiro, no que solicita a expedición da licenza municipal pola tenencia dun can, identificado co microchip 977200007195232, catalogado de raza perigosa, así como a súa inscrición no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

Vista a documentación presentada polo interesado, e resultando acreditada a raza do can, segundo a definición do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Constatado no expediente a presentación da documentación referida no artigo 3 do Decreto autonómico 90/2002, de 28 de febreiro, e no artigo 3 do Real Decreto estatal 287/2002, de 22 de marzo, en consonancia coo establecido así mesmo no artigo 8 deste último.

Tendo en conta o acordo referente ao expte 633/2017, no que se acordou a inscrición do referido animal no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro .- Conceder a D^a. María Esclavitud Mosquera Pazos, a licenza municipal pola tenencia dun can, identificado co microchip 977200007195232, catalogado de raza perigosa, polo período de cinco anos.

Segundo.- Inscibir esta licenza no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos para o animal referenciado, a nome de D^a. María Esclavitud Mosquera Pazos.

Terceiro.- Advertir á titular da licenza que debe comunicar ao Concello calquera variación dos datos que serviron para a obtención da presente licenza, no prazo de quince días dende que se produza.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Secretaría, ao obxecto da expedición da correspondente licenza municipal, ficha identificativa individual e inscrición no rexistro de A.P.P, así como á Policía Local para o seu coñecemento, e dar traslado dos datos do rexistro municipal correspondentes á presente licenza ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

EXPTE. 761/2017.- DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D^a. Mónica Alvarez Flores, administradora concursal da entidade mercantil, *Construcciones*

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Coto Ribadeo, S.L., en data 11 de novembro de 2016, co núm. de rexistro 2016-E-RC-7466, referente á obra “REHABILITACIÓN DE INMUEBLE SITO EN LA CALLE IRMANS VILAR PORTE NUM. 23 DE VIVEIRO”, estando identificado este aval co nº 320110001564, por un importe de 4.200,00 euros.

Visto o informe de D. Santiago Meitín Míguez, como director técnico da mencionada obra, de data 1 de febreiro de 2017, no que se indica que transcurrido un ano dende a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación se producisen por causas non imputables ó contratista, observa que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas, o que informa ós efectos da devolución da fianza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada *Construcciones Coto Ribadeo, S.L.*, referente á obra “REHABILITACIÓN DE INMUEBLE SITO EN LA CALLE IRMANS VILAR PORTE NUM. 23 DE VIVEIRO”, aval nº 320110001564, por un importe de 4.200,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Contratación para a súa notificación ós interesados e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de devolución da fianza.

5.- FASE XIV DE SUBVENCÍONS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.

EXPTE. 175/2016.-

Vista a proposta de Alcaldía para a realización de nova convocatoria da Fase XIV de subvencións para a rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, que literalmente di:

“ASUNTO: NOVA CONVOCATORIA FASE XIV DE SUBVENCÍONS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA AREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.

Visto o escrito remitido polo Director Xeral do IGVS a este Concello con data 23 de xaneiro de 2017 e número de rexistro de entrada 2017-E-RC-343, en resposta a unha consulta realizada pola Alcaldesa en referencia á prórroga do Plan Estatal Vivenda 2013-2016, aprobada polo R.D 637/2016, de 9 de decembro; no mesmo dise textualmente:

“O Concello de Viveiro a través dun escrito que tivo entrada no rexistro do Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante, IGVS) en data 5 de xaneiro de 2017, solicita ser informado sobre a viabilidade de apertura dunha nova convocatoria de subvencións con cargo ó Convenio asinado o 27 de outubro de 2015, ata completar o total de actuacións concedidas(30) e/ou esgotar a achega comprometida polo Ministerio de Fomento 130.200 €. En contestación a solicitude presentada comunícolle o seguinte:

A prórroga do Plan leva implícita a posibilidade dos concellos de realizar novas convocatorias con cargo aos fondos sobrantos do financiamento ministerial derivados dos convenios asinados o 27 de outubro de 2015.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

Estas novas convocatorias non poderán exceder do número de actuacións restantes, contidas nos citados convenios e non executadas, sen prexuízo de que se poida solicitar aumento do número de actuacións que se tramitarán como adenda ao convenio, en todo caso, deberán executarse e xustificarse perante o IGVS antes do 30.11.2017”.

Dado que no exercicio 2016, non se completaron o total de actuacións concedidas, nin se esgotou a achega comprometida polo Ministerio.

Esta Alcaldía, PROPON á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo.

PRIMEIRO.- A publicación dunha nova convocatoria de subvención para a rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, que se rexerá polas bases publicadas en data 24 de decembro de 2015.

A convocatoria reflexará o orzamento máximo dispoñible, así como o número de actuacións.

SEGUNDO.- Facultar a Sra. Alcaldesa, ou concelleiro que legalmente a sustitúa, para asinar canta documentación sexa precisa para a formalización da convocatoria, e demais trámites necesarios; e de ser o caso para a solicitude e firma da addenda ó Convenio mencionada anteriormente”

Vista a proposta de convocatoria, que deseguido se transcribe:

“CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA A REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.

En virtude do Real Decreto 637/2016. do 9 de decembro, polo que se prorroga o Plan Estatal de Vivenda 2013-2016, regulado polo Real decreto 233/2013, do 5 de abril, e en desenrolo dos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 27 de Outubro do 2015, relativo á Rexeneración e Renovación Urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro e en relación ao papel xestor do Concello de Viveiro para a execución do Plan e o seu compromiso na elaboración dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas neste acordo.

Resultando que en base á referida prorroga este Concello no seu papel xestor para a execución do Plan, pode realizar nova convocaoria para a concesión de subvencións prevista no acordo, ata un máximo de 30 actuacións ou ata esgotar o orzamento máximo que ascende a 130.200 €. euros.

Tendo en conta as actuacións xa realizadas no exercicio 2016, a presente convocatoria comprende o número e cuantía máxima establecida no punto 4 da mesma.

1. OBXECTO

Esta convocatoria ter por obxecto a concesión das subvencións destinadas a financiar os gastos derivados das actuacións de rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, con cargo aos convenios asinados polo Concello para tal obxecto, no marco do Plan Estatal de Rehabilitación Edificatoria 2013 - 2016.

A convocatoria realízase polo disposto nos acordos da Comisión Bilateral celebrada o 27 de Outubro do 2015, relativo á Rexeneración e Renovación Urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro e polo Real Decreto 637/2016. do 9 de decembro, polo que se prorroga o Plan Estatal de Vivenda 2013-2016,

A concesión de subvencións, a través desta convocatoria será en réxime de concorrencia competitiva, consonte os criterios de selección dispostos nas bases reguladoras publicadas no BOP número 295, de 24 de decembro de 2015.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Concello de Viveiro

En todo o non establecido na presente convocatoria, estarase ao disposto nas referidas bases.

2. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As solicitudes presentaranse no rexistro do Concello de Viveiro, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. As solicitudes deberán presentar a seguinte documentación xenérica cotexada:

A.- Documentación acreditativa de identificación do solicitante e titularidade da edificación.

a) Se o promotor/a é unha persoa física:

1/ Fotocopia do documento identificador da persoa que asine a solicitude e, de ser o caso, documentación acreditativa da representación da persoa en nome da cal actúe.

2/ Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervincentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

b) Se o promotor/a é unha persoa xurídica:

1/ Documento acreditativo da constitución da sociedade.

2/ Fotocopia do documento que acredite a titularidade do edificio por parte do promotor da actuación. Poderá achegarse certificado ou nota simple do rexistro da propiedade, ou ben documentación acreditativa do feito, acto ou negocio xurídico que demostre a adquisición da titularidade do inmovible. Os documentos poden ser de natureza pública (escritura pública) ou privada, sempre que conste de xeito fidedigno a realidade da súa data, dos intervincentes e, de ser o caso, de todos os requisitos que refire o artigo 1261 do Código Civil.

c) Se o promotor/a é unha comunidade de propietarios constituída consonte ao disposto polo artigo 5 da Lei 49/1960, presentará ademais:

1/ Documento acreditativo da constitución da comunidade.

2/ Documento acreditativo da representación coa que se actúe.

3/ Acta ou certificado da comunidade de propietarios onde se aprobe a execución das actuacións e a solicitude da subvención ou certificado da persoa titular da secretaría da comunidade referente aos ditos aspectos.

4/ Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, co NIF de cada unha, referencia catastral de cada vivenda e local.

5/ Xustificante da participación de cada propietario na Comunidade de Propietarios.

B.- Declaración responsable das persoas beneficiarias das subvencións, onde conste:

- Que non se atopan incursos nas prohibicións para a obtención da condición de beneficiaria sinaladas nos apartados 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta documentación terá que ser presentada de novo, previamente ao pago da axuda.

- Das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación así como o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a Administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

C.- Certificados.

- Certificacións de cada persoa propietaria de estar ao día coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e a Administración Local, e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño. No suposto de que non se dispuxese deste documento no intre da presentación da solicitude de subvención, a

Concello de Viveiro

certificación deberá de presentarse en todo caso antes da proposta de resolución de concesión da subvención, consonte ó disposto no artigo 11 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

D.- Documentación referente ás obras e do edificio:

a) Informe de avaliación do edificio segundo o establecido na Disposición Transitoria Primeira, 1.b) da Lei 8/2013, do 26 de xuño, de Rehabilitación, Rexeneración e Renovación Urbana e no artigo 21 do Real Decreto 233/2013.

b) Proxecto ou memoria técnica na cal expresen as obras que se van executar, a súa valoración, clasificándoas en capítulos segundo o disposto no artigo 26 do Real Decreto 233/2013. O proxecto ou memoria técnica deberá conter os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre a rasante, superficie sobre a rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar.

c) Licenza e autorizacións para a execución das obras. No suposto de que, no momento da presentación da solicitude, o interesado non conte aínda co acordo de concesión de licenza e autorizacións para a execución das obras deberá presentar xustificante da súa solicitude, debendo aportarse, en todo caso, a concesión da licenza e autorizacións, antes da emisión da proposta de cualificación provisional.

d) Cando o importe do orzamento protexible das obras exceda de 50.000 euros deberán presentarse como mínimo tres orzamentos, de data anterior á contratación das obras, salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude. No caso de que non se optase pola oferta económica máis vantaxosa, deberá xustificarse razoadamente, por escrito, a elección realizada.

e) Ós efectos de poder puntuar o aspecto recollido no punto 5.c) das presentes bases, o solicitante deberá presentar xustificante de que a edificación na que se pretende actuar é a súa vivenda habitual, está destinada ó alugueiro ou ben, no suposto de vivenda baleira neste momento, declaración responsable de que a que fin vai ser destinada.

f) O solicitante deberá presentar certificado de empradroamento e copia das declaracións do IRPF da unidade familiar, correspondente ó exercizo 2014, ou no seu caso certificación negativa da Axencia Tributaria. No suposto de comunidades de propietarios esta documentación refírese a cada unha das vivendas.

Toda a documentación deberá presentarse en orixinal ou copia cotexada.

3. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

Poderán presentarse solicitudes no prazo de un mes dende o día seguinte á publicación da presente convocatoria no BOP.

4. CREDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA

Actuacións executadas no 2016	Actuacións en execución	Actuacións concedidas	Orzamento executado no 2016	Orzamento de actuacións en execución	Orzamento máximo dispoñible
23	1	30	45.870,88	11.000,00	73.329,12

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a publicación dunha nova convocatoria de subvención para a rexeneración e renovación urbana na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro, que se rexerá polas bases publicadas en data 24 de decembro de 2015, segundo o modelo de convocatoria recollido no presente acordo.



Concello de Viveiro

Segundo.- Facultar a Sra. Alcaldesa, ou concelleiro que legalmente a substitúa, para asinar canta documentación sexa precisa para a formalización da convocatoria, e demais trámites necesarios; e de ser o caso para a solicitude e firma da addenda ó Convenio mencionada anteriormente.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro aos efectos da realización do acordado nos puntos anteriores.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:00 horas do día 06 de febreiro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.